



# *Axudas económicas, a través da Tarxeta Benvida, Para as familias que no ano 2016, teñan un fillo/a ou, adopten un neno/a menor dun ano*



A *Consellería de Política Social* convoca axudas económicas, a través da *tarxeta benvida*, para as familias con fillas e fillos nados no ano 2016.

**Finalidade:** Conceder unha axuda económica para as familias que teñan fillos ou fillas, tanto por natureza como por adopción, nados entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano 2016.

## **Requisitos:**

- Residir na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Que a renda da unidade familiar do ano 2014 non supere os 45.000 € ou, que a renda per cápita, entendida como a suma das bases impositibles xeral e do aforro dividida entre o número de membros da unidade familiar, non supere os 13.500 €.
- Ter un teléfono mobil (para os efectos de activar a tarxeta benvida).
- Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións.

**Contía da axuda:** 1200 € a razón de 100 €/mes durante o primeiro ano de vida do fillo ou filla; a axuda farase efectiva a través da **tarxeta benvida** (esta tarxeta só poderá ser utilizada en farmacias, parafarmacias, supermercados e tendas de alimentación).

## **Documentación:**

- A solicitude (Anexo I) e o Anexo II.
- A copia dos DNIs dos proxenitores (nai/pai).
- A copia do libro ou libros de familia da unidade familiar.
- A copia da resolución xudicial que declare a adopción, de selo caso.
- O **Volante** de empadramento colectivo de toda a unidade familiar. (é **gratuíto**)
- As copias das declaracións da renda do ano 2014 dos pais do menor ou certificados de imputación de rendas do dito ano.

**Prazo e Lugar de solicitude:** o prazo de presentación da solicitude será de **dous meses contados desde o día seguinte a aquel en que se produce o nacemento**, a solicitude achegarase por medios electrónicos a través do formulario normalizado desde a sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es>, ou en soporte papel. Para máis información nos servizos sociais de atención primaria do Concello de Camariñas, telef.: 981-73 70 04.

Camariñas, 22 de xaneiro de 2016  
A concelleira de Servizos Sociais e Igualdade,  
Sandra Insua Rial